COMISIÓN ACADÉMICA DO MESTRADO UNIVERSITARIO EN AVOGACÍA E PROCURADORÍA

ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 10/03/2026

No marco das competencias propias da Comisión Académica do Mestrado Universitario en Avogacía e Procuradoría, e en particular da función de "vixiar o cumprimento da actividade docente e académica do mestrador", recollida no punto segundo, letra d), da cláusula segunda do Convenio de colaboración académica entre a Universidade de Vigo, o Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense e o Ilustre Colexio da Procuradoría de Ourense, asinado o 31 de xullo de 2023, a Comisión adopta os seguintes acordos:

1. Instar ao profesorado participante na materia de Práctica Tributaria ao estrito cumprimento da guía docente, debidamente validada pola Comisión de Calidade do Centro e aprobada pola Xunta de Facultade, garantindo a súa aplicación en tempo e forma ao longo de todo o desenvolvemento da materia.
2. Recoñecer expresamente que as tarefas previas de coordinación docente —incluíndo reunións de planificación, preparación de materiais e calquera outra actuación necesaria para a correcta organización da docencia— forman parte integrante da actividade docente, e, en consecuencia, instar ao profesorado á súa realización conforme ao modelo organizativo acordado, co fin de asegurar a adecuada impartición da materia e a efectiva adquisición de competencias por parte do alumnado.
3. Solicitar aos colexios profesionais implicados a incorporación de mecanismos específicos para a prevención e resolución de conflitos relacionados coa incorporación e/ou substitución de profesorado externo no mestrado, garantindo así a continuidade, estabilidade e calidade da actividade docente.

Ourense, 13 de marzo de 2026

A SECRETARIA DA COMISIÓN ACADÉMICA

NORIEGA RODRIGUEZ LIDIA - 36128858K
Firmado digitalmente por NORIEGA RODRIGUEZ LIDIA - 36128858K
Fecha: 2026.03.13 11:40:50 +01'00'

Lidia Noriega Rodríguez

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Reitor da Universidade de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo.